

CORO GAOS

Biografía



O Coro Gaos **nace en outubro de 2010** como continuación do proxecto da Orquestra Gaos. Está constituído por unhas **50 voces** e todos eles teñen unha ampla experiencia en diferentes coros da comunidade galega. A súa actividade repártese entre o repertorio a cappella e a música sinfónico-coral, cun especial énfase na ópera, participando anualmente nas producións da tempada coruñesa.

Desde a súa creación organiza ciclos de concertos, e realiza xiras polo territorio nacional e internacional destacando, entre outras a súa participación no **49º Festival Internacional de Canto Coral de Barcelona**, e os concertos realizados no **Festival de Música Relixiosa de Guimarães**.

Obtén o primeiro premio no XIII Concurso Nacional de Corais Antonio José celebrado en Burgos (2014), o segundo premio no XXXII Certame Coral Internacional Vila de Avilés (2015), el segundo premio no XLV Certame Coral de Ejea de los Caballeros (2016), o premio do público no 63º Certame Internacional de Polifonía e Habaneras (Torrevieja), o segundo premio no Gran Premio Nacional de Canto Coral celebrado en Villanueva de la Serena (2017) e o primeiro premio e premio á mellor interpretación da obra obrigada no VI Certame Coral Vila de Arbo (2018).

Ademais, participa no Gran Premio Nacional de Canto Coral celebrado en Burgos (2018) onde **recibe fantásticas valoracións**. En novembro de 2019 participa no 51º Certame Coral de Tolosa competindo con **coros de todo o mundo e realizando concertos en diferentes localidades do País Vasco**.

En setembro de 2015 pon en marcha un **novo proxecto: os MiniGaos**, dous coros infantís cos que inculcar desde a base a paixón pola música e o canto coral, e que conta xa con 60 nenas e nenos. En setembro de 2018 **completa a familia coral co Coro Gaos Xove**. Fernando Briones é o director-fundador do Coro Gaos